

Sabías que...



Ángela Ruiz Robles (1895-1975) inventou a Enciclopedia mecánica, precursora do e-Book.



Hedy Lamarr (1914-2000) desenvolveu o espectro ensanchado por salto de frecuencia nas que se basean Redes móbiles, GPS, Bluetooth ou a conexión por WiFi.



Pilar Careaga y Basabe (1908-1993) foi a primeira enxeñeira en España, rematando a carreira con 21 anos. Tamén foi maquinista e alcaldesa de Bilbao.

Enxeñeiras 100%



Protagonistas, as enxeñeiras

Muller e Enxeñaría para alumnado da ESO



Protagonistas, as enxeñeiras

Muller e Enxeñaría para alumnado da ESO

Presentación

A porcentaxe de mulleres estudando titulacións de enxeñaría e tecnoloxía é, en España, do 13%. Ate agora, a tendencia global era de incremento da porcentaxe de mulleres nestas titulacións. Non obstante, nos últimos anos vense detectando un descenso, o cal resulta preocupante dende o punto de vista de fomentar a presenza feminina en tódalas profesións, especialmente nas técnicas. Así, a presenza de mulleres nas carreiras técnicas caeu un 12% en 10 anos. A Escola Politécnica Superior de Enxeñaría oferta en Lugo este tipo de estudos pero experimenta esta tendencia global. Segue a haber unha porcentaxe moi superior de homes matriculados, que no curso 22-23 rondaba o 80%. No conxunto da Universidade e para o curso 21-22 as mulleres representaban o 62% da matrícula de novo ingreso. Isto prodúcese nun contexto no que, segundo o informe PISA publicado en 2023, de novo os homes superan ás súas compañeiras en ciencias e matemáticas en Galicia.

As novas estudantes deben ter referentes para visualizarse como profesionais técnicas se así o desexan.

Queremos ser o voso referente!

Obradoiros na EPSE

14 de febreiro de 11:30 a 14:00 h

- Voo de drons¹
- "Micro-Aliens" contra as pragas
- O esqueleto dos edificios
- Non malgastedes a auga
- Variando a velocidade
- MITECO: a defensa do monte fronte a incendios
- Desenvolvemento de produtos de madeira estrutural

¹ A realización desta actividade está limitada a 20 persoas, polo que se fará unha selección entre as que manifesten o seu interese.

Prazas limitadas: **40 persoas de 4º de ESO**

Estrita orde de inscrición

Inscricións: mdolores.fernandez@usc.es

Organiza

Comisión de Igualdade de Xénero



ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR
DE ENXEÑARÍA



Participantes

Persoal docente e investigador

Cristina Cabaleiro Sobrino
María Belén Feijoo Lombao
María Elena Fernández Rodríguez
María Dolores Fernández Rodríguez
María De La Luz Gil Docampo
María José López Villar
Helga Peral Varela
María Portela Barral
Ana Daría Ruiz Gonzalez
Mónica Ruy
María Teresa Teijeiro Rodríguez

Alumnas

María Dolore Castilblanco Benavidez
Miriam Cortes Domínguez
Rocío López Juanes

Co apoio de

